

Cuestionario de lectura Vida de Galileo de Bertolt Brecht.

A. Modernidade.

1. Galileo aparece caracterizado como un home moderno, ¿podes definir a través desta personaxe os trazos definitorios do pensamento moderno?
2. Na obra recóllense algunhas frases, sobre todo en boca de Galileo, nas que se dá conta dunha “nova época” que está xerminando; busca no texto tres frases que perfilen os cambios de mentalidade que comportan estes tempos modernos.
3. A través doutras personaxes coñecemos as características do vello pensamento: a) localiza no texto tres frases que definan a mentalidade medieval que aínda persiste nese momento histórico; b) as réplicas ás teorías científicas defendidas por Galileo exprésanse en forma de argumento de autoridade: ¿a que autoridades recorren os adversarios do científico italiano?; c) nas seguintes frases Galileo contra-argumenta ás teses defendidas pola Igrexa:
 - “La verdad es hija del tiempo y no de la autoridad.”
 - “Sí, eso está en los libros, pero vamos a verlo por nosotros mismos.”

Comenta as dúas frases facendo fincapé no contraste entre o pensamento vello e o moderno.

B. Ciencia, antropoloxía e teoloxía.

1. ¿Cales son as consecuencias que se derivan da nova visión heliocéntrica do universo para a concepción do home que defende a Igrexa?
2. ¿Hai lugar para deus neste universo de Galileo? Razona a resposta.

C. Ciencia, política e economía.

1. O avance da idea moderna de autonomía da razón tivo que abrirse camiño incluso fronte á coerción do poder; tendo isto en conta explica a seguinte frase: “La suma de los ángulos del triángulo no puede variar según las necesidades de la Curia.”
2. Na conversa que mantén co secretario da Universidade de Venecia pragmaticamente se recoñece:
 - Secretario: “Sólo vale escudos lo que produce escudos.”
 - Galileo: “Comprendo: comercio libre, investigación libre. Y comercio libre con la investigación.”

Nestas frases reflíctese un dos grandes obstáculos cos que se atopou e, de feito, aínda se atopa a investigación científica; trata de explicalo.

D. Galileo, teorías e descubrimentos científicos.

1. ¿Por que o descubrimento das lúas de Xúpiter bota por terra o sistema aristotélico-ptolemaico?
2. ¿Cales son algunhas das obxeccións frecuentemente formuladas en contra da tese do movemento de rotación da Terra?